

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE CAPATAZ E 4 PEÓNS DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O ANO 2025.

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das presentes bases é a convocatoria de selección de UN CAPATAZ E 4 PEÓNS DE INCENDIOS para o ano 2025. O procedemento levarase a cabo mediante concurso-oposición libre e formarase unha lista de reserva.

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes

De conformidade co artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; con todo, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Ter a titulación de Graduado Escolar ou equivalente.

Se a documentación sinalada está en expedición ou tramitación, deberase presentar a documentación de tramitación pertinente.

As persoas aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas no presente artigo antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, no momento de contestación á oferta de chamamento, as persoas aspirantes deberán dispoñer das citadas condicións e acreditalas. O non cumprimento será motivo de exclusión do/a aspirante.

Aquel/a aspirante que supere as probas de selección quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidade establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e demais normativa de desenvolvemento.

TERCEIRA. Duración e tipo de contrato

A contratación do persoal laboral temporal deriva da necesidade de cobertura dos postos pola chegada do verán e rexerese polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O carácter do contrato é laboral temporal, e terá unha duración de **3 meses**.

A xornada de traballo será de trinta e sete horas e media semanais (37,5 h). O contrato de traballo será a xornada completa (100% da xornada de traballo), con distribución das xornadas segundo as necesidades do servizo.

CUARTA. Retribucións

As retribucións, incluído o prorrateo das pagas extra, serán as correspondentes á categoría profesional á que accedan.

QUINTA. Presentación de solicitudes

As persoas aspirantes farán constar na solicitude de participación que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Coirós. Deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Coirós, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo neste caso comunicalo á administración a través do correo electrónico: registro@concellodogrove.es indicando como asunto: selección de socorristas. A non presentación da solicitude ou a non comunicación no tempo e na forma establecidos suporá a exclusión da persoa aspirante.

Se conforme a este precepto se presentan as bases a través das oficinas de Correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude, en caso contrario, terase en conta a data na que teña lugar a entrada no rexistro xeral do Concello.

O impreso de solicitude axustarase ao modelo que figura no Anexo I, **no que deberá vir inexcusablemente un correo electrónico** aos efectos do disposto na base dez.

Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento identificativo
- b) Currículo do/a aspirante debidamente actualizado.
- c) Vida laboral actualizada
- d) Copia da titulación requirida.
- e) Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso. e) Fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega nivel 2 (Celga 2 ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na fase de oposición.
- f) Declaración responsable do interesado na que faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Dita declaración axustarase ao modelo do anexo I que se achega ás presentes bases.

O anuncio da convocatoria farase, publicándose a convocatoria coas súas bases íntegras na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles**, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio.

SEXTA. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía, aprobará a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se exporá no taboleiro de anuncios deste Concello e da páxina web municipal, con indicación, se é o caso, do prazo de emenda de **2 días hábiles**, con apercibimento de que, se non a fixese, se arquivará sen máis trámite con efectos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web.

No caso de non ser necesaria enmenda por parte dos aspirantes a lista provisional terá a consideración de definitiva, indicándose na mesma a data de celebración da fase de oposición, así como a composición do tribunal.

SÉTIMA. Tribunal de selección

O Tribunal será designado polo órgano municipal competente e estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un vogal.

Todos os membros do Tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

OITAVA. Sistema de selección

Entre as persoas candidatas realizarase a selección dos/as aspirantes mediante concurso-oposición a través da observación documental cos indicadores e dimensións a valorar e unha proba na que se valorarán os coñecementos e a capacitación das persoas aspirantes para o desenvolvemento adecuado do posto.

8.1 . FASE DE CONCURSO

Terá lugar logo da fase de oposición e só se valorará aos candidatos que teñan superado a fase de oposición. A puntuación máxima da fase de concurso será de **6 puntos**. Para a súa valoración, xuntarase á solicitude tal como se indica na base quinta, os documentos xustificativos destes, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados.

a) Titulacións: (máximo 1 punto)

- Titulación de Enxeñeiro Técnico Forestal ou de montes: **1 punto**
- Titulación de Técnico Superior en Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos: **0,75 puntos**
- Titulación de Técnico en traballos forestais e conservación do Medio Natural ou Formación Profesional equivalente: **0.50 puntos**

No caso de estar en posesión de varias Titulacións só se valorará a de maior nivel.

As titulacións e a formación acreditarase coa presentación de orixinal ou copia do título ou certificado da entidade/organismo que impartiu a titulación.

c) Puntuacións por experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos)

- Por cada mes de traballo desempeñado no mesmo posto de traballo (relacionado coa extinción ou prevención de incendios) no Concello de Coirós: **0,2 puntos/mes.**
- Por cada mes de traballo desempeñando o mesmo posto de traballo (relacionado coa extinción ou prevención de incendios) no resto de administracións: **0,1 puntos/mes**

Os períodos inferiores a un mes non se valorarán.

Para acreditar a experiencia profesional achegarase unha certificación de servizos prestados expedida pola administración pública competente, na que se especifique o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía da xornada.

Se a experiencia que se pretende acreditar é no Concello de Coirós autorizarase na solicitude a consultar os arquivos municipais para determinar a experiencia alegada.

8.2 FASE DE OPOSICIÓN

A data de celebración da fase de oposición será establecida por decreto de Alcaldía con ocasión da aprobación da lista provisional ou definitiva de admitidos e excluídos.

A proba práctica terá unha puntuación máxima de 12 puntos.

Os/as aspirantes, serán citados/as para realizar a seguinte proba:

- Realización dun exame oral con doce preguntas relacionadas co traballo a desenvolver e o coñecemento do término municipal de Coirós, que serán valoradas con 1 punto cada pregunta contestada correctamente, así mesmo, as preguntas con respostas erróneas restarán 0,25 puntos cada unha.

O Tribunal antes do inicio do exercicio estipulará o tempo máximo establecido.

PROBA DE GALEGO

No caso de que o/a aspirante non posúa o certificado de lingua galega nivel 2 (Celga 2) ou a súa validación correspondente, e sempre que superase o proceso selectivo, terá que superar unha proba de galego (oral ou escrita) coa cualificación de apto/a. As persoas aspirantes que acrediten posuír, no prazo de presentación de solicitudes, o certificado de lingua galega nivel 2 (Celga 2) ou a súa validación correspondente estarán exentas de realizar esta proba de galego.

NOVENA. Puntuacións e proposta de contratación

Unha vez rematadas as probas, baremaráanse os resultados obtidos na fase de concurso e na fase de oposición para seleccionar, con toda a información recollida, os/as candidatos/as que mellor se adecúen ao posto de traballo ao que optan. Serán seleccionados/as os/as que obteñan maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por aquel que alcanzase unha maior puntuación na oposición, seguidamente no concurso de méritos. De persistir o empate, pola maior puntuación no apartado b), se aínda así persistise o empate pola maior puntuación no apartado a).

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal o resultado da selección e a orde dos/as aspirantes de acordo coa puntuación, elevando a proposta de contratación ao órgano de contratación.

DÉCIMA. Lista de reserva

Rematado o proceso selectivo elaborárase unha lista de reserva cos/as aspirantes que, superaron o concurso-oposición, pero non resultaron seleccionados/as, baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade e a súa vixencia será ata o remate do servizo.

O chamamento farase sempre, respectando a orde de puntuación dos/as integrantes da lista.

Este chamamento farase, por correo electrónico á dirección facilitada polos candidatos na súa solicitude de forma que quede constancia do chamamento. No caso de non formalizar o contrato nun prazo máximo de **dous días hábiles**, decaerá no seu dereito e procederase a convocar ao seguinte candidato/a.

DÉCIMO PRIMEIRA. Presentación de documentos e contratación

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos, no prazo de **cinco días naturais**, acompañada de:

a) Declaración xurada de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ó proceso selectivo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

b) Número da Seguridade Social e número de conta bancaria.

No caso de renuncia ou de que no prazo indicado e, salvo circunstancias de forza maior, os/as aspirantes non presentasen a documentación esixida ou se comprobase que non reúnen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados/as e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar. Neste caso, a Alcaldía poderá acordar a contratación dos/as aspirantes seguintes na lista de reserva que obtivesen as seguintes mellores puntuacións totais, que deberán presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

Os/as aspirantes propostos/as e contratados/as comezarán a prestar servizo na data que se indique polo servizo correspondente do Concello.

DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos

As persoas aspirantes, mediante participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello do Grove, con sede na praza do Corgo, 1, 36980 O Grove (Pontevedra), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

DÉCIMO TERCEIRA. Incidencias

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación destas.

DÉCIMO CUARTA. Recursos

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

DÉCIMO QUINTA. Dereito supletorio.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

Coirós, na data da sinatura dixital.

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA CONCURSO-OPOSICIÓN SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL-CAPATAZ/PEÓN DE INCENDIOS.

D./D.^a _____, con DNI: _____, con domicilio en
_____ do termo municipal de _____,
código postal _____, teléfono de contacto _____ e enderezo
electrónico: _____.

EXPOÑO:

Primeiro: Que informado/a da próxima contratación laboral temporal de unha praza de capataz e catro de peón de incendios e formación dunha lista de reserva para o ano 2025 e, cumprindo cos seguintes requisitos esixidos na convocatoria achego:

- DNI ou documento identificativo correspondente.
- Currículum vitae e documentación xustificativa
- Título de Graduado escolar ou superior
- Celga 2 ou superior ou certificado equivalente.

Segundo: Xunto a seguinte documentación de acordo co baremo de méritos:

Terceiro: Declaro baixo a miña responsabilidade que reúno as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o cumprimento das tarefas do posto solicitado.

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo na categoría de
CAPATAZ
PEÓN DE INCENDIOS

a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Coirós, a _____ de _____ de 2025

Asdo. _____

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Coirós